



De Ourense cidade dinos que ten tres ríos: o Miño que vai de Oriente a Poñente, o Barbaña, que descorre de Mediodía ao Norte e o Loña de Oriente a Norte.

ENRIQUE BANDE RODRÍGUEZ

Sande-Ourense, 1936

Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de La Laguna, Tenerife. Profesor Numerario nos Institutos de Cangas e Otero Pedrayo de Ourense, onde exerce

na actualidade como Catedrático de Xeografía e Historia. Director do Arquivo Diocesano desde a súa creación en 1981. Membro do Instituto “Padre Sarmiento” de Estudos Galegos. Adícase á investigación e divulgación de temas históricos, antropolóxicos e etnográficos rela-

cionados coa nosa raigame. Ten publicados máis dunha ducia de libros sobre estes temas e colabora con asiduidade na prensa local e rexional, así como en “Cuadernos de Estudios Galegos” e no “Boletín Auriense”.



A PROVINCIA DE OURENSE NAS VIAXES DO PADRE SARMIENTO

Enrique Bande Rodríguez

Debuxos: Conde Corbal

1. INTRODUCCIÓN

Naceu o Padre Sarmiento o 6 de Marzo de 1695 en Vilafranca do Bierzo. Monxe beneditino, discípulo do Padre Feijóo. Trátase dun pensador ilustrado no sentido pleno do termo. Buscaba saber, discutir e analízalo todo. Falaba e escribía de múltiples temas do saber do seu tempo e en moitas ocasións adiantábase á súa época. Trátase dun investigador infatigábel, dun modelo digno de imitación para cantos na actualidade visiten Galicia aproveitándose da nosa oferta turística e cultural.

Nas súas viaxes adicou especial atención e interese ao léxico, á toponimia, á poesía medieval, á lingua, á filoloxía e aos estudos literarios. Nas súas obras suministranos datos valiosísimos das terras, das súas xentes, da vexetación, da fauna, dos minerais, da arte, das inscricións e das linaxes e familias ourensás. Foi un defensor da lingua dos “sen lingua”. Otero

Pedrayo dinos que é o máis galeguista de todos os Precusores. Trátase dun perfecto coñecedor da arte ourensá e da igrexa do seu tempo, dado que nos deixou análises detallados de Sta. Comba de San Torcuato, de S. Pedro de Rocas ou da Nsa. Sra. das Hermidas. Tamén nos dá unha visión completa da igrexa e do clero ourensán do seu tempo. Dinos que a opción clerical no Ourense da súa época era unha opción máis familiar que persoal, dado que as familias consideraban ao fillo clérigo como apoio e sustento. Foi un entusiasta defensor da lingua galega. Un glorioso precursor do Rexurdimento. El foi quen valorou por primeira vez a literatura oral, o folclore e a medicina popular. Lendo ao P. Sarmiento advertimos unha constante preocupación etimolóxica. Foi un incansábel viaxeiro. Fixo tres viaxes a Galicia e en dúas delas detívose por longo tempo na provincia de Ourense. Foron viaxes ás que el lle aplica un método científico preparado de antemán, como facemos hoxe os que temos a misión de ensinar coidando as “viaxes extraescolares”.



2. AS VIAXES

Cónstanos que o P. Sarmiento realizou dúas viaxes completas pola provincia de Ourense, cruzándoa de Noroeste a Noreste co obxectivo de recoñecer lugares e fregesías, de recoller mostras de herbas de plantas e de minerais, para identificar voces xa entón non empregadas, para poñerse en contacto coa fala do povo sinxelo e coa lingua galega que mamara de pequeno. Nas súas viaxes fixo catálogos de prantas, de accidentes xeográficos, de pontes e barcas, de ríos, de vías de comunicación, de inscricións romanas e medievais, de prioratos, e todo canto atopaba ao seu paso. O P. Sarmiento en nengún momento viaxou como unha maleta. Foi sempre cos ollos ben abertos para informarnos despois de todo canto a el lle impactara.

Nas súas viaxes adicou especial atención e interese ao léxico, á toponimia, á poesía medieval, á lingua, á filoloxía e aos estudos literarios.



Fixo moito no mosteiro de S. Clodio.

A primeira viaxe fíxoa entre os días 6 e 17 de Decembro de 1745. Dinos que desde Soutelo de Montes entrou na provincia de Ourense en dirección a Ponte San Clodio, no corazón do Ribeiro, que estaba a cinco leguas de distancia. Conta que se detivo no alto do Paraño, un verdadeiro mirador a dereita e esquerda. Este punto, dinos que dista de Soutelo de Montes unha legua.

Despois da baixada do Paraño entrou en San Sadorníño, aldea de Moreiras, o primeiro lugar do bispado de Ourense. De alí pasou á freguesía de Ponte Abroés, onde hai unha ponte antiga con inscricións. Pasado o río, á esquerda entrou en Xuvencos e Boborás, a unha legua e media do Paraño. Ven despois

Xesteiro, Nonás e Penedo das Meandreiras. Despois ven a Granxa do Mato, San Benito de Moldes e pasado o río chegou á Fonte dos Sapos. Pazos de Arenteiro a unha legua. Ponte de San Clodio freguesía e mosteiro. Neste mosteiro fixo noite. Pasada a ponte de San Clodio seguiu pola marxe dereita do río Avia e pasou por Bieite, Beade, San Cristovo de Regodeigón e Ribadavia, onde hai unha ponte que dá paso ao convento dos Franciscanos.

A curta distancia da vila de Ribadavia, o río Avia métese no Miño que decorre entre o Couto de San Marcos e o altísimo Couto Novelle. Pasou a barca e seguiu camiño de Arnoia, percorrendo a ladeira do Couto Novelle. Pasou polas aldeas de Arnoia e pola ermida de San Amaro e chegou ao priorato de San Salvador. De aquí saíu para Refoxos, subindo pola costa de Louredo, desde onde pasou á Buratiña e chegou a San Verísimo de Refoxos, distante unha legua de Arnoia. Neste priorato fixo noite. Estivo o día da Concepción, e o nove saíu para Celanova, distante tres leguas. Pasou pola Nosa Señora do Val, por Escudeiros, Quinta, Freixo, Freans de Eiras, Ermida de San Antón, Ponte dos Madeiros e Río Tuño. Picouto, priorato de San Salvador de Paizás, Castromao, freguesía e monte. Celanova a unha legua. O 12 de Decembro saíu de Celanova para Ourense, que dista tres leguas, Bobadela, Ponte Afechas, Río Arnoia, San Paio

da Merca, Ermida do Espírito Santo, freguesía e feira, a unha legua de Celanova, Souto Penedo, Vilanova de Rante e San Cibrao das Viñas, a unha legua, Ponte Codesal, Río Barbaña e Ourense a outra legua. O 13 de Decembro saíu de Ourense para San Estevo de Ribas de Sil distante da cidade tres leguas, Castadón, Ponte de Castadón, Río Loña, San Salvador de Prexigueiro, ermida da Nosa Señora do Carpaçal, Agúiar, Faramontaos, Pena dos Roucos, Eiradela, Lointra, Biduedo, capela de San Lourenzo, Pombar e San Estevo de Ribas de Sil, mosteiro e freguesía. O día 17 saíu de San Estevo para o priorato de San Román de Moreda en Lugo. Andivo catro leguas.



O 13 de Decembro saíu de Ourense para San Estevo de Rivas de Sil, distante da cidade tres leguas

Entre os días 22 de Outubro de 1755 e o 7 de Novembro do mesmo ano, viaxou novamente pola provincia de Ourense para realizar a súa segunda viaxe. Entrou na nosa provincia procedente de Pontevedra despois de cruzar o río Miño na barca de Sendelle. Dirixiuse a Celanova, de aquí á cidade das Burgas desde onde se encamiñou ao oriente ourensán onde rematou a súa viaxe pola nosa provincia. Percorreu a provincia de Ourense de Suroeste a Noreste en Terras de “Tribis” e Valdeorras. Desde a citada barca subiu por Condado a Trado e encamiñouse a Ponte Deva. Pasou Mañoi, povo da freguesía de Pau, e de aquí foi á Fonte Branca desde onde foi a Calvos, Ponte de Medeiro, Río Tuño, até onde hai unha legua e media. Continuou até o priorato de San Salvador de Paizás a onde chegou de noite. O Xoves 23 saíu de Paizás para Celanova que dista unha legua e media. Pasou por Casardeita, ermida de Santa Agueda, Gandarela e Castromao, para chegar ao mosteiro de San Salvador e freguesía de San Verísimo. O 27 subiu ao monte Poxares que está a mediodía de Celanova. O 29, saíu de Celanova para o priorato de Bande, pasando polo Burgo, Cañón, San Lourenzo; Gontán e a freguesía de Brea ou Vereá despois de percorrer unha legua e media chegou ao priorato de Bande. Pola tarde saíu a ver Santa Comba de San Torcuato e os Baños de Bande. Hai unha legua a Santa Comba. De Santa Comba volveu a Bande por

San Juan de Baños. O 20 de Outubro saíu de Bande para o priorato de Santa María de Ribeira, cruzou o río Liñares, pasou por Porqueira, onde hai un castelo grande e alto. Despois de legua e media chegou a Santa María de Ribeira. O 31 saíu de Ribeira para Lamas. Cruzou o río Xinzo, pasou por Ponte das Poldras e por Santa María de Couso. Torre e freguesía de Sandiás; Piñeira de Arcos, ermida de San Marcos e baixou a Allariz, vila con castelo murallas e convento feminino. Cruzou a ponte sobre o río Arnoia. De aquí pasou a Santa Mariña de Augas Santas. O 2 de Novembro, domingo, dinos que saíu para o priorato de San Pedro de Rocas onde fixo noite. De Rocas a San Estevo dinos que hai dúas leguas e enumera os lugares por onde pasou: Armeá, Figueiredo, Xiabal, Vacariza, Río Bodas e Folgoso. De aquí chegou á Venda do Pinto. En San Pedro de Rocas fixo noite. De Rocas a San Estevo dinos que hai dúas leguas. O 3 de novembro saíu de Rocas para Sampaio de Avelada en Caldelas despois de baixar a Niñodaguia e de subir a costa de Sadur que está a unha legua. Pasou as Vendas do Rodicio e a ermida de San Benito. De aquí pasou a Vilariño Frío que dista unha legua de Montederramo, mosteiro de Bernardos. Detívose medio día en Vilariño Frío. Rodeou o Monte Coroza. Pasou pola Pedra do Sol, Lumiáres, Santa Tegra, freguesía de San Paio. Aquí dinos que durmíu na casa do señor abade e cura D. Juan Albán. O día 5 mércores, saíu da Casa abacial de San Paio de Avelada para “Tribis”. Subiu a costa de Castro Caldelas, anexo de San Juan de Camba, abadía famosa, cruzou o río Navea pola Ponte Navia ou Navea, ponte que divide as dióceses de Ourense e Astorga. Pasada a ponte entrou na Terra de “Tribis”. A unha legua de “Tribis” está o priorato de San Salvador de Sobrado de “Tribis” onde fixo noite. O 6 de Novembro saíu do dito priorato para o Santuario das Ermidas.

Otero Pedrayo dinos que é o máis galeguista de todos os Precursores. Trátase dun perfecto coñecedor da arte ourensá e da igrexa do seu tempo, dado que nos deixou análises detallados de Sta. Comba de San Trocado, de S. Pedro de Rocas ou da Nsa. Sra. das Hermidas.

Manzaneda de “Tribis”, Souto Pedre, Ponte Nova sobre o río Bibeí que pasou para entrar nas Ermidas, que está a unha legua. De aquí foi a Santa Cruz do Bolo, Lentellais do Bolo, Ponte Cigarrosa a unha legua de San Estevo da Rúa de Valdeorras onde fixo



...pola tarde saíu a ver Santa Comba de San Trocado e os Baños de Bande

O obxectivo das súas viaxes non era só recoñecer os diversos lugares Xeográficos e recoller mostras de Historia Natural de Galiza nos seus tres reinos: vexetal, animal e mineral, senón tamén era o de poñerse en contacto coa fala do povo sinxelo e coa lingua galega que el mamara de pequeno.

asenta Porto Pereiras e a freguesía de Xendive. Desde a Ponte de San Clodio dinos que se divisa Pena Corneira. Do río Miño dinos que ven entre montañas altísimas como o Couto Novelle. A unha legua da Ponte de San Clodio dinos que queda a famosa Pena Corneira que el di que non viu. Di que á esquerda do río Avia queda Cabanelas, Gomariz, San Clodio, San Lourenzo de Pena, a aldea de Cuñas, San Andrés de Campo Redondo e o Convento de Franciscanos de Ribadavia. Dinos que a unha legua da Vila de Ribadavia está o mosteiro de Melón e antes de comezar a subir a costa queda Francelos, onde non cita para nada a capela de San Xes. Describe Arnoia como unha cazola rodeada de montes altísi-

noite. O 7 de Novembro, venres, saíu da Rúa ou de San Estevo de Valdeorras para a Ponte de Domingo Flórez, río e Ponte Rodilleira, Proviña, Mazuco, Castro de Valdeorras. Ao outro lado Entoma e na freguesía de Entoma, a unha legua Ponte Nova con 7 arcos que é a freguesía de Casaio que xa é da Cabrera. Pasado o río, á dereita a freguesía de San Xoán e a unha legua a Ponte de Domingo Flórez na provincia de León. A xurisdición sobre a Ponte de Domingo Flórez exercea o Marqués de Vilafranca. Deste longo percorrido dános múltiples detalles, inscricións, topónimos, nomes de barcos e barcas, de camiños, de casas, de castros, de prioratos, de pontes, de ríos, de torres e castelos, de vales, de vendas e dos vexetais e das herbas curativas e medicinais que hachou ao seu paso e dános tamén múltiples noticias folclóricas.

3. VISTAS PANORÁMICAS E PAISAXÍSTICAS

Na primeira viaxe describenos o alto do Paraño con un verdadeiro mirador cara a dereita onde queda Becoña e o camiño que sube á Fenteira e á esquerda onde se

mos. Unha vez no priorato de Refoxos dinos que ao noroeste queda Melón a dúas leguas de distancia e a dúas leguas ao poñente a costa de Filgueira e ao sureste San Gregorio en Portugal. Do mosteiro de Celanova dinos que ten un precioso tomo de folio de pergamiño escrito en latín "tumbos ou becerros". De Ourense cidade dinos que ten tres ríos: o Miño que vai de Oriente a Poñente, o Barbaña, que descorre de Mediodía ao Norte e o Loña de Oriente a Norte.

Na segunda viaxe dinos que a parroquia do Condado está debaixo do monte Bustelo, confinante co curato de Padrenda. Desde Fonte Branca dinos que se descobre un inmenso país: ao nordeste Escudieros, e a Torre e Castelo de Sande e os montes de Arnoia, ao poñente e algo ao norte Pena Corneira, como o Pico Sacro. Máis alá o Suido Redondo. O Faro de Melón e a altísima cordillera da Franqueira, Cañiza e Paradante ou Pedra da Anta. Tamén nos describe o Monte de San Salvador o Monte Poxares onde estaba a neveira do mosteiro de Celanova. Desde alí, casi ao nordeste vese Cabeza de Meda e San Mamede, cara o oriente os montes de Caldelas. Despois os montes de Montederramo e ao sureste a Segundeira con neve.



Ao mediodía, ao lonxe, un alto monte en figura de baúl na Alta Limia e do lado de alá Portugal e do de acá o Val de Salas, Baltar e o priorato de Ribeira. Ao sureste o camiño de Entrimo, Lobios onde está a alfândega de Galicia. Máis a poñente as Gralleiras e ao poñente outra serra que chaman Pena Gache, sobre San Miguel de Bangueses. Acabada a serra de Pena Gache a vista vai dereita a Pedra Anta que está no último da Serra da Cañiza. Franqueira, Mourentán. Despiede perto do máis alto da Silva Escura que vai rematar á Fonte Branca e a un lado o Castromao, que non quita a vista, por riba vense os montes de Melón. Pena Corneira e o Couto Novelle cos montes de Arnoia, cara nós o famoso Castelo de Sande e o priorato de Montes. Ao noreste, cara o norte as serras de Suido, Seixo, Paraño e o Faro de Chantada. Tamén se ve parte do monte Leboreiro e de lado a Cordillera da Nosa Señora do Viso e de fronte a alta cordillera das Gralleiras. Desde o povo do Pazo, onde está a Casa dos Pugas, en Santa Mariña de Augas Santas, vese Pena Corneira e toda Serra do Eixo, Suido, Cañiza. En Rocas, subíndose ao alto da igrexa vese infinito país.

As Gralleiras, Pena Gache, o Suido Seixo, Paraño, Faro de Chantada, no alto da costa de Sadur tamén se ve infinita terra como son Serras de Queixa, Alto de San Mamede, Alto da Segundeira, Baltar, Pena Gache, Cralleiras, Serras do Suido, Seixo, Faro, Cabeza de Meda, Castelo da Pena, a Limia, Torre de Sandiás, Montes de San Marcos de Allariz, Terra de Xunqueira de Ambía, Terra do Castelo de Maceda, e as peñas Orientais de Rocas.

En Pedra do Sol dinos que á esquerda vese un grande treito do río Sil, inmediato a el está a barca de Gundín, abaixo Amandi que ten unhas ladeiras escarpadísimas do lado de Monforte adornadas de viñas e máis ao alto, ao nordeste está Doad. Vese Cabeza de Meda. En fronte de Paradela, ao outro lado do río Sil está Lais sobre Paradela e Paradela sobre o río Sil, ao norte. E ao Poñente Lais que está sobre Santa María de Aveleda e sobre o río que baixa de Camba sobre a Ponte Caballar, que en privilegio se chama Río Banalzo. En fronte de Paradela, ao outro lado do Sil está Doad, priorato de Monforte. Dinon que o río Banalzo baixa de Camba por baixo del: Castro Caldelas recibe ao río de Lumiáres, e os tres xuntos entran o río Sil perto da barca de Paradela.

Nas súas viaxes ocúpase de dúas cousas á vez: de facer unha investigación persoal e directa e de visitar os especialistas e os sabios aveciñados nos lugares por onde pasaba, aos que acudía para aprender o que non sabía e aquilo que non tiña suficientemente contrastado. Tamén empregou parte do seu tempo en ler documentos antigos chamados "*Tumbos ou Becerros*".


El foi quen valorou por primeira vez a literatura oral, o folclore e a medicina popular.

Fixo catálogos de voces e frases galegas das terras por onde pasaba, dos seus accidentes xeográficos, das pontes, das barcas e os ríos, das vías de comunicación, da agricultura, dos mosteiros e prioratos.

O obxectivo das súas viaxes non era só recoñecer os diversos lugares Xeográficos e recoller mostras de Historia Natural de Galiza nos seus tres reinos: vexetal, animal e mineral- senón tamén era o de poñerse en contacto coa fala do povo sinxelo e coa lingua galega que el mamara de pequeno e recoñecer as voces entón xa pouco usadas. Dinon que el centraba a súa atención na lingua e na historia cos seus dous aspectos: humano, do que estudiaba as antigüedades, as inscripcions romanas e medievais; e natural, aspecto do que recolleu múltiples mostras de prantas. Fixo catálogos de voces e frases galegas das terras por onde

... e baixou a Allariz, vila con castelo, murallas e convento feminino.





Subiu a costa de Castro Caldelas.

pasaba, dos seus accidentes xeográficos, das pontes, das barcas e os ríos, das vías de comunicación, da agricultura, dos mosteiros e prioratos. Non se esquece tampouco da gastronomía nen do mundo mítico e máxico galego, das súas voces baixas ou deshonestas, dos apodos, nen das propiedades curativas de certas prantas como a carqueixa, nen das linaxes, nen dos mosteiros, os señoríos e as xurisdiccións e dos povos de cada unha das parroquias por onde pasa. Nas súas viaxes dános múltiples detalles do poderío económico de moitas freguesías, dos seus bens, dos seus límites e dos povos que as compón. Cita as distancias recorridas, expresadas sempre en leguas, as torres, os castelos e algunhas linaxes, como a casa dos Feijóo no Mato, parroquia de Vila Nova de Allariz e da dos Pugas no Pazo, parroquia de Santa Mariña de Augas Santas. Tampouco escatima detalles de todo tipo como cando nos describe a Xurisdicción de Bande.

Do mosteiro de Celanova dinos que ten un precioso tomo de folio de pergamino escrito en latín 'tumbos ou becerros'.


Non se esquece tampouco da gastronomía nen do mundo mítico e máxico galego, das súas voces baixas ou deshonestas dos apodos, nen das propiedades curativas de certas prantas como a carqueixa, nen das linaxes, nen dos mosteiros, os señoríos e as xurisdiccións e dos povos de cada unha das parroquias por onde pasa.

4. DESCRIPCIÓNS DOS EDIFICIOS MÁIS SINGULARES DO RECORRIDO

No recorrido da súa segunda viaxe déixanos descripcións detalladas dos edificios emblemáticos cos que tropeza ao seu paso.

4. 1. A igrexa de Santa Comba de San Torcuato.

Dinos que dentro hai catro columnas de alabastro de arquitectura romana, que foron traídas de outra parte. Á entrada hai un pedestal do mesmo e unha taboa tamén de alabastro que veu de outra parte e de outro edificio. Dinos que hai unha capela, un sepulcro moi grande coa súa tapa de pedra, con mármol, e din os naturais que é o de San Torcuato. El dinos que pensa que todo o que nos enumerou sería parte de algún edificio antigo.





En Rocas, subíndose ao alto da igrexa vese infinito país.

4.2. Os baños e a igrexa de San Juan.

Unha vez vista Santa Comba, dinos que volveu a Bande por San Xoan de Baños, que dista medio cuarto de legua de Santa Comba. Tamén informa de que a igrexa de Baños é nova. Os baños que están ao norte dela son de auga quente. Perto dos baños e da igrexa descóbrense cabando, pedras labradas e dinos asimesmo que alí hai varias pedras con letras e que viu unha con catro renglóns.

4.3. O priorato de Ribeira.

Na igrexa e casa do priorato de Ribeira dinos que se achán tres pedras, dúas dos romanos e unha dos godos e que atopou outras con varios renglóns escritos.

4.4. Os Fornos de Santa Mariña e o Castro de Armeá.

Dinos que pasou a ver a igrexa de Santa Mariña, coa súa capela a parte e alí o pozo e a Fonte xunto á igrexa. Baixou a ver o que chaman os Fornos, que segundo el é a antiga igrexa de Santa Mariña.

Perto desta igrexa está o Castro de Armeá e no centro hai edificios e perto un pilón con auga. O pilón parece excavado na pedra. Tamén nos di que volvendoo polo lugarciño de Armeá ao Pazo viu á esquerda, xunto á xanela dunha casa un pedazo de pedra con letras romanas e que a pedra está volta ao revés.

4.5. San Pedro de Rocas.

Dinos que a igrexa famosa de Rocas está excavada na pedra e que ten tres naves. A do medio duns 50 pés de longo, as colaterais son menores. A igrexa ten tres portas.

4.6. O priorato de Tribis.

Trátase dun priorato que foi antes mosteiro de monxas benedictinas e que o seu prior ten rolo e xurisdicción.

4.7. Nosa Señora das Ermidas.

Dinos tamén que é un edificio magnífico. Igrexa de tres naves, con dúas torres e unha fermosa fachada. Todo en pedra de sillería. Tamén di que arrimada á capela maior polo poñente hai un inmenso penedo e que a igrexa mira ao oriente. Ten moitos adornos por dentro. Está sobre o río Bibei, que corre de oriente a poniente. Describe con todo detalle o entorno.

Nas súas viaxes ocúpase de dúas cousas á vez: de facer unha investigación persoal e directa e de visitar os especialistas e os sabios aveciñados nos lugares por onde pasaba, aos que acudía para aprender o que non sabía e aquilo que non tiña suficientemente contrastado.

O 6 de Setembro saíu para o Santuario das Ermidas.

